

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA/VERBENA POPULAR DENOMINADA XULLO XUBILAR, ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA

EXPEDIENTE DECRETO: 2022/G003/000731

ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº **2022/U029/000034**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Por Resolución da alcaldía nº 468/2022, de data 26/05/2022, fixouse o número máximo de días naturais durante o presente ano 2022 nos que poderán ampliarse os ditos horarios neste termo municipal, conforme co disposto no artigo 9.2 da devandita Orde. Na citada Resolución indícase que as datas concretas de ampliación dos horarios determinarase mediante resolución da alcaldía, de oficio ou a petición de parte interesada.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinalase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Visto o escrito presentado o día 05/07/2022 (registro entrada nº 202299900001009) por (...), con DNI 78***12*M, en representación da Asociación Amigos da Xunqueira, con CIF G67767681, organizadora dos actos festivos coa denominación *Xullo Xubilar*, que se van celebrar na Rúa Domingo Antonio de Andrade, deste concello, o día 8 de xullo de 2022, dentro do programa de actividades festivas do Ano Xubilar Mariano (Virxe da Xunqueira), e no que solicita a ampliación do horario de remate da verbena nocturna do venres, 8 de xullo, ata ás 6.30 h (do sábado, 9 de xullo).

Considerando a vontade deste Concello en apoiar o sector hosteleiro municipal e a actividade das verbenas como celebracións festivas tradicionais de Galicia así como o interese en favorecer o movemento asociativo municipal, que fai posible a celebración destes eventos, que repercuten positivamente en diferentes eidos municipais, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co



óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da **finalización da festa/verbena popular denominada XULLO XUBILAR**, dentro do programa de actividades festivas do Ano Xubilar Mariano (Virxe da Xunqueira), que se vai celebrar na Rúa Domingo Antonio de Andrade, de Cee, **na noite do venres, 8 de xullo ao sábado, 9 de xullo**, co cal, o horario máximo de finalización da verbena o día sinalado será ás **06.30 horas**.

2º. **Autorizar a ampliación en 2 horas** sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do **peche dos establecementos de restauración (III.2.5) e de ocio e entretemento (III.2.7) da parroquia de Cee, na noite do venres, 8 de xullo ao sábado, 9 de xullo de 2022.**

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 6 de xullo de 2022.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]